



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Expediente: 2024000034340
Referencia: DP0042-2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, DURANTE O ANO 2025(DP0042).

DON **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Mediante resolución da Presidencia número 23542 do 23542, que foi publicada no BOP do 21 de maio de 2025, concedeuse de forma provisional, as subvencións da convocatoria DP0042: Programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica, durante o ano 2025, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional no Boletín Oficial da Provincia, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita e que no non se presentaron desistencias, nin alegacións ou emenda de erros.

Vistos o informe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica, durante o ano 2025 (DP0042), as entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: A.VV. DE NOGUEIROSA NIF: G15272891 Cod. Exp.: 2025000001716 Obxecto: FACILITAR A LOS VECINOS EL ACCESO A LA TECNOLOGIA DIGITAL Y A UNA BIBLIOTECA RURAL	2.306,35	0,8000	2.882,94

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: A.VV. E CULTURAL SANTIAGO DE PARADELA NIF: G70301353 Cod. Exp.: 2025000001528 Obxecto: ADQUISICIÓN DE CARPA MÓBIL DESTINADA Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN	19.200,00	0,8000	24.000,00
Beneficiario: A.VV. SAN CAMPIO NIF: G15563240 Cod. Exp.: 2025000001948 Obxecto: MELLORA E VALORIZACIÓN DO ESPAZO RECREATIVO VECIÑAL E LOCAL SOCIAL DA ÁREA DO CEMITERIO CIVIL PARROQUIAL	5.096,00	0,8000	6.370,00
Beneficiario: A.VV. SANDRA PREGO RIAL NIF: G15574312 Cod. Exp.: 2025000001397 Obxecto: Adquisición de equipamento informático e tecnolóxico 4.0	9.996,80	0,8000	12.496,00
Beneficiario: A.VV.XUVENIL E CULTURAL DE ARCEO NIF: G70296397 Cod. Exp.: 2025000001938 Obxecto: MOBILIARIO URBÁN E EQUIPAMENTO PARA O LOCAL SOCIAL	4.784,00	0,8000	5.980,00
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL DE MULLERES RURAIS DE XESTEDA NIF: G70535505 Cod. Exp.: 2025000001932 Obxecto: Colocación de illamento termico para mellora da eficiencia Enerxética do local da asociación de Mulleres rurais de Xesteda	28.000,00	0,8000	35.000,00
Beneficiario: ASOCIACION DE MULLERES RURAIS A XUNGUEIRA DAS ENCROBAS NIF: G70061262 Cod. Exp.: 2025000001515 Obxecto: Dotar a esta entidade con medios para realizar actividades	9.600,00	0,8000	12.000,00
Beneficiario: ASOCIACION DE VECINOS RIO DA PONTE DE SAN JORGE DE LA MARIÑA NIF: G15160070 Cod. Exp.: 2025000001897 Obxecto: Reparacións e mellora de accesibilidade do local social da Asociación de Veciños Río da Ponte	22.478,00	0,8000	28.097,50

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION DE VECINOS RIO SAMO NIF: G15145204 Cod. Exp.: 2025000002195 Obxecto: ACONDICIONAMENTO DE ESPAZO RECREATIVO NO ENTORNO DO CENTRO COSIOCULTURAL DE GALEGOS	24.258,34	0,8000	30.322,93
Beneficiario: ASOCIACION DE VECINOS VALLE DE SAN JUAN DE ESMELLE FERROL NIF: G15316730 Cod. Exp.: 2024000051570 Obxecto: REASFALTADO DA PISTA POLIDEPORTIVA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ESMELLE	28.000,00	0,8000	35.000,00
Beneficiario: ASOCIACION DE VECIÑOS OS PASOS NIF: G15337041 Cod. Exp.: 2025000001910 Obxecto: ACONDICIONAMENTO DA PLANTA SUPERIOR DO LOCAL SOCIAL PARROQUIAL	7.331,00	0,8000	9.163,75
Beneficiario: ASOCIACION MULLERES DE A BAÑA ALBORADA NIF: G15546898 Cod. Exp.: 2025000001316 Obxecto: Mellora da seguridade e equipamentos do Asociación de Mulleres Alborada da Baña	2.342,44	0,8000	2.928,05
Beneficiario: ASOCIACION PARROQUIAL VECINOS A ARMONIA VILLARMAYOR NIF: G15209059 Cod. Exp.: 2025000001858 Obxecto: Humanización do acceso para persoas con mobilidade reducida o aparcamento de Recinto Multiservicios, Cementerio e Iglesia de San Pedro de Vilarmajor.	19.566,24	0,7500	26.088,32
Beneficiario: ASOCIACION VECINAL E CULTURAL MARIANO RUIZ NIF: G15050214 Cod. Exp.: 2025000001942 Obxecto: REPARACIÓN E MELLORA DA FACHADA DO LOCAL SOCIAL	27.984,88	0,8000	34.981,10

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL E XUVENIL NOSA SEÑORA DO VISO DE DOMBODAN NIF: G70079603 Cod. Exp.: 2025000001887 Obxecto: INVESTIMENTOS 2025	4.800,00	0,8000	6.000,00
Beneficiario: FEDERACION A.VV. DE LA CORUÑA NIF: G15219165 Cod. Exp.: 2025000001309 Obxecto: Equipamentos informáticos e mobiliario de oficina	9.600,00	0,8000	12.000,00

Número de solicitudes concedidas: 16
Total concedido: 225.344,05 €.

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizárase na xustificación nos mesmos términos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Cuarto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0510/4142/781, fase A, operación número 220250000880, importe: 225.344,05 €

Anular o saldo contable que proceda no documento contable A sinalado, por economía na concesión das subvencións.

Quinto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa de subvencións dirixido a entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña para investimentos de promoción económica, durante o ano 2025, as entidades sen animo de lucro seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: ASOCIACION CULTURAL PROGRESO NIF: G70232202 Cod. Exp.: 2024000051136 Obxecto: II Fase: Programa ACOMPAÑA-TE no RURAL (melloras técnicas do local)	De acordo aos seus estatutos é unha asociación cultural, que é unha das entidades excluídas na Base 5 das específicas (BOP número 237 de data 10 de decembro de 2024).
Solicitante: ASOCIACION DE VECINOS SAN PEDRO NIF: G15293798 Cod. Exp.: 2025000000926 Obxecto: Climatización do Local Social de San Pedro de Sarandón	Desistencia da solicitude.

Número de solicitudes descartadas: 2

Sexto.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.